

BASES DO XXII CONCURSO DE BARCANAS E CASTELOS DE AREA PRAIA DE AREA MAIOR 2023

Base 1.- Datos, lugar de realización e horarios

Realizarase o venres 25 de agosto de 2023, na praia de Area Maior de Malpica

Horarios:

10.30 Inicio dos traballos das persoas inscritas.
13.00 Remate dos traballos na praia.
13.05 Inicio da votación do público.
13.30 Comunicación pública do fallo do xurado e votacións do público e entrega de premios.

Base 2.- Inscricións:

Realizaranse no formulario de solicitude específico da actividade no Departamento de Educación e Cultura, sito no 1º andar do Centro Cívico de Malpica, rúa Ventorrillo s/n. T.: 981 707 104. En horario de 10.30 a 14.00 horas do 16 ao 23 de agosto e o 25 de agosto, de 10.00 a 10.30, na praia de Area Maior de Malpica.

Cada participante ou grupo de participantes só poderá participar cunha única obra. Os grupos poderán incluír como máximo 10 participantes.

Base 3.- Modalidades:

Existirán catro modalidades:

Amateur – para solicitantes de máis de 12 anos de idade.

Premio especial do público – Escultura máis votada polo público.

Barcanas – Elaboración de barcanas tradicionais.

Infantil – Para crianzas ata os 12 anos de idade. No caso dos grupos, para participar nesta modalidade, todos os seus membros deberán cumprir o requisito de idade.

Base 4.- Premios

Existirán 6 premios:

1º Premio da modalidade amateur: Trofeo e un vale de 130,00 € (*).

2º Premio da modalidade amateur: Trofeo e un vale de 70,00 € (*).

3º Premio da modalidade amateur: Trofeo e un vale de 50,00 € (*).

Premio especial do público: Trofeo.

Premio á mellor barcana: Trofeo.

Premio infantil: Trofeo.

Os premios en ningún caso poderán acumularse, en caso de coincidir nunha mesma obra, premios de diferentes categorías, asignarase a esa obra o premio correspondente a unha única categoría seguindo a prelación: premios amateur, premio especial do público, premio á mellor barcana e premio infantil. O premio da categoría que quede deserto outorgarase á seguinte obra máis valorada nesa categoría.

(*) Os vales poderán cambiarse por produtos ou servizos, de valor equivalente, nos establecementos comerciais e de hostalería do Concello de Malpica de Bergantiños. O importe dos vales se entende co IVE incluído.

Base 6.- Elaboración das esculturas de area.

6.1.- Para a elaboración das obras, as persoas participantes, so poderán utilizar area e materiais que se atopen de xeito natural depositados na praia de Area Maior de Malpica.

6.2.- Así mesmo, permitirase o uso de ferramentas (palas, cubos, difusores de auga, etc.), aínda que estes elementos, en ningún caso, poderán formar parte da obra.

6.3.- Na elaboración das obras non estará permitido utilizar ningún produto para compactar ou fixar a area, agás a auga.

6.4.- As obras realizaranse unicamente na praia de Area Maior de Malpica, nas zonas balizadas polo Concello de Malpica de Bergantiños para este fin, entre as 10.30 e as 13.00 do venres 25 de agosto de 2023.